

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE AGOSTO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día dous de agosto de 2023, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística para instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Juana Ibarborou, número 9 (Exp. 2023/Y001/000056).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para demolición de 3 inmobles entre medianeiras compostos de planta baixa e planta alta na rúa Montirón, números 36, 38 e 40 (Exp. 2022/Y001/000250).

Do mesmo xeito, acórdase a concesión da licenza urbanística para campamento de turismo con cabanas e legalización de edificación existente para local social en Montecelo-San Vicente de Pedreda (Exp. 2022/Y001/000217).

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adjudicación do contrato mixto de arrendamento con opción de compra de 56 traxes de intervención con arnés anticaídas incorporado, incluíndo o mantemento e reparacións durante un período de 60 meses (5 anos) dos 56 traxes e o mantemento e reparacións de 54 traxes propiedade do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Excmo. Concello de Lugo (Exp. 2023/C004/000012).

Tamén se acorda a prórroga para a anualidade 2023 do contrato para a subministración -mediante lotes- da iluminación ornamental en diversas rúas e prazas en San Froilan 2022 (lote 1) e Nadal 2022 (lote 2), Exp. 2022-C004-000015.

Acórdase a adjudicación do contrato da obra de mellora e renovación da iluminación do Parque Rosalía de Castro e Costas do Parque, Lugo, dentro da estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño, incluído no programa operativo FEDER Orde HAP72427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac7563233579418423449.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-8-2023

(Exp. 2023/C002/000005).

Tamén se acorda a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería sita no complexo deportivo da piscina municipal cuberta do Parque da Milagrosa (Exp. 2020-C005-000005) polo período comprendido entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024.

Así mesmo acórdase a prórroga do contrato do servizo de mantemento técnico e dos contidos do portal municipal do Concello de Lugo (Exp. 2019-004).

**3. PERSOAL.-** Acórdase a estimación do recurso potestativo de reposición contra o acordo da XGL de aprobación de bases de catro prazas de técnico/a de administración xeral (decreto nº 5070/2023, do 30/05/2023, de convocatoria).

### **ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA**

**4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.-** Acórdase a apertura dun novo prazo de vinte días hábiles, dende a súa publicación no BOP e na Base Nacional de Subvencións, para unha nova convocatoria de incentivos á contratación dos alumnos traballadores do obradoiro de emprego 'Lugo Sostible 5.0'. Código de proxecto: 222410204.

**5. DEPORTES.-** Acórdase a aprobación das bases reguladoras e do gasto para bolsas de axudas económicas individuais para persoas con talento deportivo-exercicio 2023.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**